

INFORMACIÓN SOLICITUDE APROBADO POR COMPENSACIÓN

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

- Instancia a decana da Facultade de Turismo indicando a materia para a que se solicita o aprobado por compensación. Pode descargar a instancia no seguinte enlace:
<https://www.udc.es/es/turismo/a-facultade/administracion/> (Modelo de instancias).

PRAZO DE PRESENTACIÓN:

- Despois do peche de actas de cada oportunidade de examen abrírase un prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes.
- Estes prazos pódense consultar no calendario académico de cada curso, cada un destes prazos será publicado na páxina web da Facultade de Turismo.

RESOLUCIÓN:

- Unha vez rematado o prazo de presentación, o Tribunal de Compensación resolverá as solicitudes nun prazo máximo de 20 días hábiles.

REQUISITOS: (artigo 1 da Normativa de Aprobado por Compensación)

1. *Que, matriculados en calquera titulación oficial, cursasen, polo menos, o 50% desta na Universidade da Coruña.*
2. *Que só lles reste unha materia para finalizar os estudos da titulación correspondente (coa excepción do Proxecto Fin de Carreira, Traballo Fin de Grao e Traballo Fin de Máster) e non transcorresen máis de tres cursos académicos desde a última convocatoria suspensa.*
3. *Para as titulacións de Grao e Máster Universitario: que se teñan presentado, como mínimo, a tres oportunidades de avaliación da materia que solicitan compensar. Se a materia pertencese ao derradeiro curso da titulación, ou non estivese asociada a un curso do título en concreto, bastará con que se teñan presentado a dúas oportunidades. Para as titulacións non adaptadas ao EEES: Que se teñan presentado, como mínimo, a dúas convocatorias de exame da materia que solicitan compensar.*
4. *Que nunha das oportunidades ou convocatorias obtiveran unha cualificación igual ou superior a 3,5 sobre 10, na materia para a que se solicita a compensación, ou ben igual ou superior ao 60% da nota media desa materia no curso académico anterior ao da solicitude da compensación, calculada sen contabilizar os "non presentado". De non acadar a cualificación mínima o Tribunal de Compensación poderá valorar, de acordo co indicado no apartado c) do artigo 5 da Normativa de Arobado por Compensación, a información complementaria que estime oportuna para poder outorgar a compensación.*
5. *Que a nota media do seu expediente académico, sen computar a materia en que se solicita a compensación, sexa igual ou superior ao 80% da nota media da súa titulación na última promoción con dereito a docencia.*
6. *Que estean matriculados na materia en que solicitan compensación, sempre que a normativa vixente llo permita. En caso contrario, deberán matricularse desa materia só aos efectos de concorrer ao procedemento de avaliación por compensación.*

FORMA DE PRESENTACIÓN:

- Por correo electrónico ***desde o correo institucional do alumno/a (@udc.es) ou presencialmente na administración da Facultade de Turismo*** dentro do prazo estipulado no Regulamento de Evaluación por Compensación.

NOTA: O alumnado que estea pendente da resolución do Tribunal de Compensación disporá dun prazo extraordinario de matrícula de 10 días, que contarán desde a data de resolución.